

A vinganza derradeira

Todo transcorreu en Xestedo, unha aldea preto das montañas. Xestedo era tranquila e pouco poboada. Había tres casiñas de señores maiores que se entretían esfollando no millo, coidando das súas terras e sementando para o seu propio consumo ou para vender, por exemplo, os típicos grelos de Galicia. Ademais, había unha familia naquela aldea á que lle chamaban “Os ricos”, e como ben indica o nome, non tiñan problemas de cartos e ben podían repartir algo, como dicía Pepa.

Pepa era unha señora viúva, xa que o seu Antón morrera había só tres meses. Para ela, a morte do seu cónxuxe deixáraa moi apesurada. Antón, ademais de estar casado con ela, era como o seu mellor amigo, con el encantáballe falar. Antón era mineiro. Un día, traballando nunha mina de wolframio, quedou atrapado no seu interior debido a que a entrada quedara taponada con pedras e moita terra que non conseguira quitar.

Estas pedras non foran postas soas na entrada da mina senón que foi Xaime quen as puxo aí. Xaime era un señor pertencente a esa familia da casa “dos ricos”. Esta familia considerábase moito superior aos demais da aldea. Eran persoas malas e querían manexar eles todo. Como Antón considerábase como eles, é dicir, non por moito que os outros tiveran máis diñeiro ca el, el ía pensar que era inferior. Isto a Xaime e á súa familia non lle gustaba moito, dos outros señores aproveitábanse ás veces xa que lle facían traballar para eles e dicíanlle que lle ían pagar moito e despois non recibían case nin para a comida. Antón e Pepa nunca aceptaran traballar para eles. Antón era feliz sendo mineiro e Pepa esfollando no millo ou argallando facer calquera cousa na leira. Isto fixo que Xaime e eses se enfadaran e fixeran algo para castigar a estes dous señores humildes, que dou lugar á morte de Antón.

Pasaron dous anos e Pepa seguía botando de menos ao seu Antón. Ela xa asumira que o seu home morrera dun accidente laboral e aínda que lle doera moito algún día máis tarde ía acontecer. O que non sabía foi o que lle contara a señora Maruxa esa tarde de inverno despois de dous anos do acontecido. Maruxa reveláralle que o culpable da morte do seu home fora Xaime. Ela sabíao xa hai moito tempo porque vira a Xaime poñer as pedras na entrada da mina pero Xaime tamén a vira a ela. Entón tiña medo de contalo porque Xaime e a súa familia convencéranos con pagarlle unha cantidade de cartos se non contaba nada. Como nese momento Maruxa non vendía moitos grelos decidiu calar e gañar algún diñeiro. Pepa agradeceullo que llo acabara contando pero sentía moita rabia cara a esa maldita familia.

Ao cabo doutro ano, Pepa xa ía maior e unha noite cando foi durmir, deitouse e alí quedou para sempre. Agora estaría xunto ao seu Antón no outro mundo. Pero isto non acababa aquí.

O día de Nadal dese mesmo ano, Xaime e a súa familia estaban a celebralo ao grande. Todo eran risas, abrazos, regalos e felicidade. Pero esta situación logo rematou. No comedor daquela casa de xente rica a familia estaba vendo como estaban a pasar cousas paranormais. Unha forza sobrehumana facía que todos os obxectos de valor e as cousas que había enriba da mesa caeran ao chan. Xaime intentou tranquilizar a toda a familia que estaba moi nerviosa. Pasaron uns minutos e todo pareceu calmarse. Pero ao pasar un cuarto de hora a casa derrubouse completamente. O único que sobreviviu foi Xaime. Estaba estupefacto e doído vendo como todo o que tiña se foi. A súa mansión desapareceu e as persoas ás que máis quería no mundo tamén marcharan. Non podía comprender o que pasara.

De súpeto, diante dos seus ollos, apareceu unha figura branca e luminosa que repetía seguido:

- Isto chámase vinganza! VINGANZA, XAIME, VINGANZAAA...!

Resultou ser o espírito de Pepa que argallara todo iso para que Xaime soubera todo o mal e o dano que fixera e que por moito que fora rico non podía asoballar aos demais.

Isto é o que está a escribir Uxía, con tan só dez anos, no seu caderno de relatos. A Uxía gústalle moito escribir relatos de medo para despois contarllelos aos seus avós e amigos tanto en Samaín como noutras épocas.